

NOVIDADE EDITORIAL  
VERÁN, 2016

**alvarellos**  
EDITORIA

## Luz Pozo Garza dialoga con Borges no seu regreso á poesía en galego

Alvarellos Editora publica o seu novo libro, titulado *Rosa tántrica*, no que a autora traballou durante unha década. Un poemario enormemente rico e misterioso, complexo e transcendente.


*Santiago de Compostela, xuño de 2016.*- Luz Pozo Garza regresa á poesía en galego cuns versos retadores. Levan por título *Rosa tántrica* e publícase este verán na

Colección Libros do Sarela de Alvarellos Editora. Asistimos a un microcosmos poético moi singular. Afastada de calquera moda ou tendencia, a escritora e filóloga —nada en Ribadeo en 1922 e autora do seu primeiro libro de poemas hai case setenta anos (*Ánfora*, 1949)— establece aquí un diálogo con Jorge Luis Borges a partir do relato “La rosa de Paracelso”, onde o escritor arxentino narra a historia do mago alquimista e do seu incrédulo discípulo. Neste conto, Borges afonda na orixe da creación como algo transcendente. Sobre estes vimbios constrúe Luz, ceibe, a súa Rosa tántrica.

DEZ ANOS DE TRABALLO EN 63 POEMAS

É o seu regreso, despois de *Deter o día cunha flor* (2009), á poesía en galego. Un conxunto de versos nos que a creadora levaba traballando preto dunha década. O libro consta de 63 poemas, estruturados en dúas partes ou “Libros” e trece capítulos.

Luz Pozo mergúllanos nun peculiar universo poético no que, por veces, a puntuación xoga cos lectores e a lingua galega atrae como imán termos e xiros do sánscrito, latín, inglés e castelán.



FICHA TÉCNICA: 114 pp | 14 x 21 cms.  
ISBN 978-84-16460-08-3 | PVP: 12,50 €

NOVIDADE EDITORIAL  
VERÁN, 2016

**alvarellos**  
EDITORIA

## SIMBOLOXÍA BUDISTA

Aquí, a simboloxía budista e o tantra agroman en cada intre: a enerxía positiva de Pundarika, o vieiro cara ao alén da Tábula Esmeralda, o ciclo de vida-morte-vida-reencarnación do Samsara, a pureza da Flor de Loto... Mais tamén os enigmáticos tigres de Borges ou a aparición de filósofos como Carl Jung “aquele sabio que entendía a alma”.

## A IDEA DE ETERNIDADE A TRAVÉS DA CREAÇÃO

Pídenos Luz, dende o seu outeiro vital, que, coma ela, nos enfrontemos á idea de eternidade a través da palabra e da creación. Así de rica e complexa é esta misteriosa e transcendente *Rosa tántrica*.

Esta edición, ao coidado de Olivia Rodríguez e Henrique Alvarellos, conta coa colaboración dos escritores Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, que asinan senllos poemas ao final da obra. Así mesmo, Luz Pozo é a responsable da ilustración da capa e dos debuxos interiores.

**LUZ POZO GARZA** (Ribadeo,1922) é poeta, ensaísta, crítica literaria, foi catedrática de Ensino Medio e pertence á Real Academia Galega desde 1996. A súa obra poética principia con *Ánfora* (1949). En galego, con *O paxaro na boca* (1952), *Á que seguiron, entre outros títulos*, *Verbas derradeiras* (1975), *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Deter o día cunha flor* (2009)... Como ensaísta e crítica, publicou traballos arredor de Luís Pimentel (*A bordo dun barco sen luces* —Alvarellos Editora, 2011—), Álvaro Cunqueiro ou Luís Seoane. En 2014, os profesores Aurora López e Andrés Pociña publicaron *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza* (Alvarellos Editora), un volume de máis de 500 páxinas onde definen á escritora como “quizais a meirande figura das Letras galegas dos nosos días”.



Contacto coa Editorial: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) | 981 522 137 | 609 90 88 52

Contacto con Olivia Rodríguez [olivia@udc.es](mailto:olivia@udc.es) | 659 677 494

Contacto con Henrique Alvarellos [editor@alvarellos.info](mailto:editor@alvarellos.info) | 609 90 88 52

+ info en [www.alvarelloseditora.gal](http://www.alvarelloseditora.gal)